

Reclamación dirixida ao Concello de Ames referente a sinalización das prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida

Expediente: G.6.Q/2314/23

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito XXX debido a carencia na pintura e sinalización das prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida.

ANTECEDENTES

1. No escrito expón:

“O repintado e sinalización horizontal e vertical das prazas de aparcamento reservadas a Persoas Discapacitadas do Milladoiro, que de forma reiterativa e case pesada leva este Cidadán Discapacitado veciño de Ames reclamando durante máis de 7 Anos, recibindo toda clase de contestacións variadas, pero só coa intención de pasar do tema e non realizar o cumprimento da Lei de Accesibilidade neste tema dando solución a este grave problema, e sendo a súa obrigación Legal e Moral”.

No escrito sinala que dende hai tempo ven reclamando a solución á carencia que menciona (pintado e sinalización horizontal e vertical das prazas para persoas con mobilidade reducida). Indica que hai tempo que se expuxeron circunstancias orzamentarias e a realización dunha auditoría das prazas, pero que despois de moito tempo non poden seguir xustificando a ausencia das circunstancias indicadas.

Sinala un número importante de escritos dirixidos ao concello e de queixas tramitadas nesta institución sobre a materia (Q/XXX, XXX e XXX; Q/XXX, XXX e XXX Q/XXX a XXX, XXX e XXX).

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

Solicitud de información da queixa presentada por XXX sobre a falta de contestación a solicitudes feitas no concello para que se pinten e sinalicen tanto horizontal coma verticalmente as prazas para persoas con mobilidade reducida no Milladoiro.

ANTECEDENTES:

Con datas 2/02/23, 9/02/23, 17/02/23, 23/02/23, 27/02/23, 3/03/23, 14/03/23 don XXX presentou escritos solicitando o exposto no asunto anterior.

A Valedora do Pobo solicita información en relación ao Exp VP: XXX Exp GD: XXX
INFORMO:

Ditos escritos foron contestados indicándolle que estamos realizando un estudo das prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida para realizar as actuacións que sexan necesarias de forma gradual e posteriormente proceder ao seu pintado.

Na actualidade non podemos concretar en que momento se van poder acometer as actuacións necesarias para realizar o solicitado polo XXX, xa que depende das partidas orzamentarias necesarias”.

ANÁLISE

1. Tal e como sinala a queixa -e non desminte o informe municipal-, o reclamante ven solicitando do concello solucións para o pintado e a sinalización horizontal e vertical das prazas para persoas con mobilidade reducida, e a resposta entón foi que se realizaría unha auditoría das prazas.

2. O ente local sinala no presente informe que está a realizar un estudo das prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida para realizar as actuacións necesarias de forma gradual e proceder ao seu pintado, pero non pode concretar o momento desas actuacións ao depender das partidas orzamentarias.

3. A correcta sinalización das prazas é una obriga, non só pola definición da mesma na normativa, senón tamén porque a falta de sinalización ou os seus defectos substanciais fan que a reserva non sexa efectiva, ao non poder sancionarse o uso inadecuado das prazas por falta de seguridade xurídica.

4. Como sinala o informe, o labor que se reclama debe contar coa previsión orzamentaria precisa, pero ese labor e a súa dotación refírese ao cumprimento dun deber.

5. A programación temporal das adaptacións prevese na Lei 4/2021, que modificou a Lei Galega de Accesibilidade. O seu artigo 25.4.d) sinala: “as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público existentes, así como as respectivas instalacións de servizos e mobiliario urbanos, deberán ser adaptados gradualmente, de acordo cunha orde de prioridades que terá en conta a maior eficacia e a concorrencia ou o tránsito de persoas e as regras e condicións previstas regulamentariamente, e sen prexuízo dos prazos establecidos na normativa básica estatal de aplicación.

Para tal efecto, os entes locais terán que elaborar plans estratéxicos municipais de accesibilidade con formulación das actuacións para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos deberán conter, en cada exercicio orzamentario, as consignacións específicas para o financiamento destas adaptacións, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.”

6. Así, os concellos deben ter unha planificación da accesibilidade das vías e demais espazos de uso público, das instalacións de servizos e do mobiliario urbano. Nela deben definir as actuacións para adaptar ás normas de accesibilidade todos estes espazos, instalacións ou mobiliario, e cada orzamento deberá conter as consignacións para o seu financiamento.

7. Debe terse en conta tamén que o calendario das adaptacións razoables atópase incumprido, polo que é necesaria a programación temporal das adaptacións pendentes previamente diagnosticadas.

8. A persoa que promoveu a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles as administracións locais, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ames a seguinte recomendación:

Que con urxencia se promova a planificación, a dotación orzamentaria e a execución das adaptacións precisas no pintado e a sinalización horizontal e vertical das prazas para persoas con mobilidade reducida.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo